



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 146
28 de maio de 2021



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia [57397](#)

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia (11/PL-000009)

Emendas ao articulado:

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16203) [57404](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16202) [57411](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

■ 16204 (11/MOC-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14498, publicada no BOPG núm. 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do día 11 de maio de 2021) [57398](#)

■ 16235 (11/MOC-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14298, publicada no BOPG núm. 126, do 21.04.2021 e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021) [57398](#)

■ 16236 (11/MOC-000045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5204, publicada no BOPG doc. núm. 49, do 19.11.2020 e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021) [57398](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

I 15817 (11/PNP-001525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña

[57399](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 15692 (11/PNP-001510)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas

[57399](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 15635 (11/PNP-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal

[57400](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 8059 (11/PNP-000830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia

[57400](#)

I 12623 (11/PNP-001240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e catro deputados/as máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

[57401](#)

I 15327 (11/PNP-001481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia [57401](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 14762 (11/PNC-001520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en relación coas carencias e deficiencias existentes en Galicia en materia de conectividade [57401](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 10355 (11/PNC-001070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia [57402](#)

I 11967 (11/PNC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba [57402](#)

I 15261 (11/PNC-001535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre a inclusión, por parte da Xunta de Galicia, do pequeno comercio da alimentación no programa bonos Activa comercio [57402](#)

I 15757 (11/PNC-001576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar os peches das tendas da empresa H&M en Galicia [57403](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

- Rexeitamento de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

- 13722 (11/PL-000009)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG n° 121, do 07.04.2021

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n° 137, do 10.05.2021

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por:

— Emenda á totalidade do G. P. dos Socialistas de Galicia: 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

— Emenda á totalidade do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

- Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia (11/PL-000009)

A Mesa da Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do día 26 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia (11/PL-000009)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:



Emendas ao articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16203)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16202)

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 16204 (11/MOC-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14498, publicada no BOPG núm. 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do día 11 de maio de 2021)
BOPG nº 140, do 19.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 16235 (11/MOC-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14298, publicada no BOPG núm. 126, do 21.04.2021 e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021)
BOPG nº 140, do 19.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 16236 (11/MOC-000045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5204, publicada no BOPG doc. núm. 49, do 19.11.2020 e debatida na sesión plenaria do 11 de maio de 2021)
BOPG nº 140, do 19.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 15817 (11/PNP-001525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover e dinamizar o sector da eólica mariña

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover e dinamizar o sector da eólica mariña *offshore* mediante a promoción de elementos técnicos e de coñecemento desta tecnoloxía e a súa implementación.
2. Avaliar o asentamento de parques no contorno mariño garantindo que non se cause dano ás actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño.
3. Proceder á constitución dun observatorio desta actividade para o diálogo e o coñecemento tanto das achegas propias coma doutras entidades nacionais, europeas e internacionais, no que se integren representantes de ambas as actividades e sexan asistidos por técnicos da administración competente na materia. O obxectivo sería promover a realización de estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galicia que analicen as oportunidades e impacto que podería orixinar a implantación de parques eólicos *offshore* nas costas galegas.
4. Promover a implantación en Galicia de actividade empresarial e industrial asociada á produción de enerxía eólica mariña, en uso das competencias do Goberno de Galicia en materia de promoción económica e política industrial.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 15692 (11/PNP-001510)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno central que a devolución do IVE de novembro se faga extensiva a todos os concellos e deputacións galegas

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º. O cumprimento inmediato da sentenza do Tribunal Supremo nº 553/2021, do 23 de abril de 2021, e, en consecuencia, que faga efectiva a compensación da mensuralidade do IVE correspondente a novembro de 2017, que non se liquidou no ano 2019, xunto cos xuros legais correspondentes.

2º. Que esta devolución do IVE de novembro de 2017 se faga extensiva a todos os concellos e deputacións provinciais galegos, por unha cantidade estimada en máis de 40 millóns de euros, á que hai que engadir os xuros de demora.

3º. Dar solución á débeda con Galicia, acreditada por importe de 170 millóns de euros, en concepto de incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos exercicios 2017 e 2018.

4º. Convocar con urxencia o Consello de Política Fiscal e Financeira para consensuar unha solución inmediata, común a todas ás comunidades autónomas e ás entidades locais, e articular neste órgano a maneira en que o Goberno central lles compense o antes posible o IVE pendente do ano 2017.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 15635 (11/PNP-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto da intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución amosar a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 8059 (11/PNP-000830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón



Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia
BOPG nº 83, do 27.01.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 12623 (11/PNP-001240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e catro deputados/as máis

Sobre o deseño e desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

BOPG nº 112, do 17.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 13 votos a favor, 42 en contra e 18 abstencións.

- 15327 (11/PNP-001481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como respecto da elaboración dun plan específico de loita contra a pobreza infantil en Galicia

BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 27 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 14762 (11/PNC-001520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en relación coas carencias e deficiencias existentes en Galicia en materia de conectividade

BOPG nº 134, do 05.05.2021



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade en moitos núcleos de poboación situados nos 313 concellos de Galicia.
2. Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no territorio galego e no marco das súas competencias, a necesidade de priorizar o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como “zonas brancas” na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de feito, e dote tamén de cobertura as zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital.
3. Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no territorio galego e no marco das súas competencias, a necesidade de ter en conta as achegas dos concellos e da Xunta de Galicia como institucións máis próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio para asegurar así una correcta provisión das necesidades de comunicación, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a probación dependendo do seu lugar de residencia.»

Rexeitamento das iniciativas

- 10355 (11/PNC-001070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 11967 (11/PNC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba

BOPG nº 108, do 10.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 15261 (11/PNC-001535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis



Sobre a inclusión, por parte da Xunta de Galicia, do pequeno comercio da alimentación no programa bonos Activa comercio
BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 15757 (11/PNC-001576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar os peches das tendas da empresa H&M en Galicia

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE RECOÑECIMENTO
DA UNIVERSIDADE PRIVADA "UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA
EMPRESA", CON SEDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
(NUM. EXPE. 11/PL-000009).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia

En todo o texto desta Proposición de lei, incluído o título, débese substituír a denominación: " ... Universidad Intercontinental de la Empresa ..." por: "... Universidade Intercontinental da Empresa."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

No punto 1, deste artigo, onde di: "... como universidade privada do Sistema universitario de Galicia, ...", debe dicir: "... como universidade privada no Sistema universitario de Galicia ..."

Emenda nº3, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 1

No punto 4, deste artigo, débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. De conformidade co previsto no artigo 6.5 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as normas de organización e funcionamento da universidade deberán ser aprobadas polo Goberno galego, previo exame da súa legalidade."



Emenda nº4, ao apartado 2, de Adición. Artigo 2

No punto 2 deste artigo, onde di: " Inicialmente impartirá catro graos, catro másteres universitarios e dous programas de doutoramento, segundo figura no anexo desta lei.", debe dicir:

"Inicialmente impartirá:

Ensinanzas de grao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Negocios Dixitais e Intelixencia Empresarial

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Grao en Sistemas de Información e Ciberseguridade
- Grao en Enxeñaría Empresarial e Emprendemento Tecnolóxico

Ensinanzas de posgrao:

Facultade de Administración de Empresas e Dereito:

- Máster universitario en Administración e Dirección de Empresas – MBA

- Máster universitario en Dereito Empresarial e Economía Dixital

- Máster universitario en Neuromarketing e Comportamento do Consumidor

Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial:

- Máster universitario en Enxeñaría de Datos e Intelixencia de Negocios

Ensinanzas de doutoramento:

Instituto Universitario de Investigación:

- Programa de doutoramento en Economía e Empresa
- Programa de doutoramento en Data Science e Sistemas de Información"

Emenda nº5, ao apartado 1, de Adición. Artigo 3

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"..., no prazo máximo de seis meses dende a solicitude de autorización, unha vez entrada en vigor esta lei de recoñecemento, sempre que dentro do dito prazo se tivese obtida a acreditación dos seus títulos oficiais e o cumprimento dos demais requisitos legais."



Emenda nº6, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo punto 1 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"1 bis. A FUIE deberá dispor dos recursos propios que garantan o desempeño adecuado das funcións, así como a implantación e desenvolvemento da universidade no contexto dos obxectivos do Sistema Universitario de Galicia. No decreto polo que se autorice o inicio das actividades da FUIE, o Goberno galego condicionará o dito inicio das actividades á constitución das garantías que se consideren precisas para asegurar o funcionamento e desenvolvemento da universidade, polo menos, durante o tempo ao que se fai referencia nesta lei, así como para facer fronte aos compromisos da universidade e os seus promotores respecto das persoas integrantes da súa comunidade universitaria."

Emenda nº7, ao apartado 1 ter), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo punto 1 ter, que terá o seguinte contido:

"1 ter. O Goberno galego comprobará que se cumpren os requisitos mínimos legalmente establecidos, entre eles, os relativos ao persoal docente e investigador; e que foron verificados e autorizados os plans de estudos conducentes, como mínimo, á obtención dun total de oito títulos de carácter oficial de grao e mestrado, que se expedirán de acordo co previsto na normativa que resulte de aplicación."

Emenda nº8, ao apartado 1 quater), de Adición. Artigo 3

No punto 1 deste artigo, débese engadir un novo punto 1 quater, que terá o seguinte contido:

"1 quater. No decreto de inicio de actividades, unha vez cumpridos os trámites preceptivos, autorizarase, así mesmo, a implantación das ensinanzas oficiais de grao, mestrado e doutorado que proceda, á vista da oferta efectuada pola universidade. Deberán cumprirse os requisitos básicos que estableza a lexislación para garantir a calidade da docencia e a



investigación, así como os límites de admisión do alumnado que poida establecer o Goberno galego."

Emenda nº9, ao apartado 1 quinquies), de Adición. Artigo 3

No punto 1 deste artigo, débese engadir un novo punto 1 quinquies, que terá o seguinte contido:

"1 quinquies. Na información para a autorización do inicio de actividades, a FUIE deberá incluír un plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes relativo a todos os colectivos e áreas universitarias. Tamén deberá presentar un plan de normalización lingüística, de conformidade co disposto no artigo 89 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia."

Emenda nº10, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto 2 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"2 bis. O recoñecemento como universidade poderá revogalo o Parlamento de Galicia cando, trala incoación do procedemento administrativo legalmente establecido, se acredite o incumprimento, por parte da universidade, dos requisitos esixidos polo ordenamento xurídico ou dos compromisos adquiridos ao solicitar o recoñecemento."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 3 bis

Débese engadir un novo artigo 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Caducidade do recoñecemento

De acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa caducará no caso de que, transcorridos dous anos dende a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades



académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 4

No punto 2 deste artigo, onde di:

"..., raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.", debe dicir:

"... raza, sexo, relixión, orientación sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, social e económica."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición. Artigo 4

No punto 2 deste artigo, débese engadir un novo parágrafo *in fine* que terá o seguinte contido: "... . En todo caso, entre os distintos méritos que poidan alegar as persoas solicitantes, deberá atribuírse unha valoración preferente aos méritos académicos."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 4

No punto 3 deste artigo, onde di: "... destinará o 15 % dos ingresos ...", debe dicir: "... destinará o 30 % dos ingresos ..."

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 5

No artigo 5, onde di: "... durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación. Debe dicir: "... durante o tempo necesario e, polo menos, durante un período de dous cursos académicos adicionais á duración prevista da titulación, para o alumnado que, téndoa iniciado nesta, non tivese esgotado as convocatorias."



Emenda nº16, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

No punto 1 deste artigo, onde di: "A Universidade Intercontinental de la Empresa colaborará coa ..." debe dicir: : "A Universidade Intercontinental de la Empresa deberá prestar colaboración á ..."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 6

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. A Universidade Intercontinental de la Empresa elaborará anualmente unha memoria detallada que comprenda as actividades docentes de investigación e os seus resultados.

A Universidade Intercontinental de la Empresa porá a dita memoria a disposición do Parlamento de Galicia, do Goberno galego, e do Consello Galego de Universidades."

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 8

Proponse unha nova redacción para este artigo que terá o seguinte contido:

"A execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia de ningún tipo na dotación orzamentaria prevista no Plan Galego de Financiamento Universitario da consellaría competente en materia de universidades. A Universidad intercontinental de la Empresa deberá dispor dos medios persoais e materiais precisos para garantir o desempeño adecuado das súas funcións, tanto de docencia como de investigación."

Emenda nº19, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débase suprimir esta disposición.

Emenda nº20, de Supresión. Exposición de motivos



No sexto parágrafo, que comeza por: "O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, ...", débese suprimir a expresión: "... de servizo público, ..."

Emenda nº21, de Supresión. Exposición de motivos

No novéno parágrafo que comeza por: "Esta lei axústase aos principios ...", débese suprimir a seguinte frase: "..., dado que co recoñecemento desta nova universidade se amplía a oferta formativa no eido da educación universitaria galega. ..."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/05/2021 14:45:13



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE RECOÑECIMENTO
DA UNIVERSIDADE PRIVADA "UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA
EMPRESA", CON SEDE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
(NUM. EXPE. 11/PL-000009).**

Emenda nº1, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 1

No apartado 4 do Artigo 1 substituír o texto: “establecidas nos estatutos da FUIE”, polo seguinte: “que se dan no resto de universidades do SUG”.

Emenda nº2, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 2

No apartado 1 do Artigo 2 suprimir o seguinte texto: “que operan como sistema intercampus conectados en rede”.

Emenda nº3, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 2

No apartado 2 do Artigo 2 suprimir o texto: “e Instituto Universitario de Investigación”.

Emenda nº4, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 2

No Artigo 2 substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

"3. Para afondar na coordinación das ensinanzas do SUG, así como na calidade das mesmas, a actividade académica organízase segundo o modelo existente nas tres universidades públicas galegas (campus, facultades, departamentos...) Así





mesmo, fomentarase a actividade investigadora para a cal a UIE aportará o 25% dos seus ingresos totais anuais."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición. Artigo 2

No Artigo 2 engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"4. A UIE, dende o inicio da súa actividade debe dar cumprimento o artigo 7.3 do RD 420/2015; ao artigo 14.2 da Lei galega 6/2001, do SUG; e ao 7.4 do RD 420/2015, relativos ao persoal das universidades dedicado a actividades docentes e investigadoras, así como o artigo 11. 4 do RO 99/2011, relativo ás ensinanzas oficiais de doutoramento. Para garantir o cumprimento desta lexislación presentará ante a Xunta de Galiza e o Parlamento galego un informe motivado coa información necesaria para a súa comprobación. O cumprimento deste marco normativo será preceptivo para o inicio da actividade universitaria e o seu incumprimento podería dar lugar ao procedemento de revogación da autorización."

Emenda nº6, ao apartado 5, de Adición. Artigo 2

No Artigo 2 engadir un novo apartado 5 co seguinte texto:

"5. A Xunta de Galicia, a través do Consello Galego de Universidades e o o SUG, a través Consello Interuniversitario de Galicia elaborarán no remate de cada curso académico un informe no que se avalíe a calidade da formación na universidade privada UIE.

Estes informes serán remitidos ao Parlamento de Galicia e ao goberno galego, que poderán demandar a intervención dos servizos de inspección universitaria para garantir o cumprimento dos estándares de calidade esixíbeis. O incumprimento destes estándares poderá levar consigo a revogación da autorización."



Emenda nº7, ao apartado 3, de Adición. Artigo 3

No Artigo 3 engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. No decreto de autorización do inicio de actividade o goberno galego condicionará o inicio da actividade a que se garantan os compromisos establecidos nesta lei relativos aos cadros de persoal docente, ao financiamento da investigación, dotación económica para as becas, medios materiais para o desenvolvemento da docencia que se pretende ofertar, así como os medios humanos acreditados e materiais para o desenvolvemento das actividades de investigación."

Emenda nº8, ao apartado 4, de Adición. Artigo 3

No Artigo 3 engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"4. Para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 apartado d) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia a UIE deberá presentar un plan de igualdade relativo a todos os colectivos e áreas, así como un plan de atención ás persoas con discapacidade. Estes plans, que deberán ter unha avaliación positiva do goberno galego, serán preceptivos para o inicio da actividade."

Emenda nº9, ao apartado 5, de Adición. Artigo 3

No Artigo 3 engadir un novo apartado 5 co seguinte texto:

"5. Así mesmo, para dar cumprimento ao artigo 2. f) da Lei 6/2013 do SUG o no inicio da actividade estará condicionado a presentación dun plan de promoción da lingua galega, que garanta presenza da lingua galega en cando menos a metade da actividade lectiva, documental, docente, investigadora ou calquera outro eido universitario."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 4



No Artigo 2 modifícase a redacción do apartado 2 que pasaría a quedar do seguinte xeito:

"2. A Universidade Intercontinental de la Empresa regulará o réxime de acceso e permanencia do alumnado nos seus centros, con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade, garantindo, en todo caso, que non exista discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, relixión, circunstancias económicas, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social."

Emenda nº11, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 4

No apartado 3 do Artigo 4 substitúese o texto: "destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.", polo seguinte: "destinará o 35% dos ingresos totais obtidos anualmente."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 6

No Artigo 6 substituír o texto que vai despois de: "...coas titulacións que se impantan.", polo seguinte: "A citada memoria será remitida ao Parlamento galego e á consellería competente en materia de universidades."

Emenda nº13, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

No Artigo 6 engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. O departamento do goberno galego competente en materia de universidades realizará auditorías anuais co obxecto de verificar a viabilidade económica e a calidade das ensinanzas impartidas pola UIE.

Se por parte da Xunta de Galiza ou dos órganos de goberno do SUG se detectase que a Universidade Internacional de la Empresa incumpre os requisitos establecidos no ordenamento xurídico ou cos estándares esixíbeis de calidade, o departamento do goberno galego competente na materia de universidades dará audiencia á universidade para resolver as



deficiencias no prazo dun mes e informará ao Parlamento galego. A persistencia dos incumprimentos darán lugar a revogación do recoñecemento."

Emenda nº14, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No apartado 1 do Artigo 7 substituír o texto que figura despois de: "teñan sobre a universidade," polo seguinte:

"deberá ser previamente comunicada á Comunidade Autónoma e ao Parlamento galego que deberá posicionarse sobre esta modificación, e trasladará o seu posicionamento á Xunta que, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 8


No Artigo 8 despois de: "en materia de universidades", e antes de: "e, en todo caso", engadir o seguinte inciso:
"nin no orzamento da Xunta, así como de ningún organismo dependente ou participado pola mesma".

Asinado dixitalmente por:

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/05/2021
14:13:12**

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2021 14:13:24





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

